

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida para o estudantado beneficiario ou solicitante de protección internacional, apátrida ou en situación de protección temporal afectado polo conflito de Ucraína, no curso académico 2025/2026

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da resolución reitoral do 18 de xullo de 2025 no que se regulan as bases da convocatoria *de bolsas para o estudantado beneficiario ou solicitante de protección internacional, apátrida ou en situación de protección temporal afectado polo conflito de Ucraína*, unha vez rematado o proceso de selección segundo os criterios establecidos na convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía (anexo I)

De acordo co establecido no punto 8 da convocatoria son obrigas das persoas beneficiarias:

- 1) Matricularse no curso 2025/2026 antes do 17 de outubro de 2025 nalguna titulación de grao, máster universitario, doutoramento, ou propia de especialista da Universidade de Vigo. A obtención do título queda condicionada ao mantemento da permanencia legal no país.
- 2) Participar de xeito presencial nas actividades académicas ao longo de todo o curso, a realización das probas e exames das materias nas que se atopan inscritas e a participación responsable nas demais actividades orientadas a completar a súa formación. A vicerreitoría de Extensión Universitaria poderá solicitar os informes que considere oportunos para a determinación do cumprimento das obrigas establecidas neste apartado.
- 3) Entregar unha memoria sobre a experiencia persoal e académica, no prazo dunha semana dende que remata o curso.
- 4) No caso dos solicitantes de asilo deberán comunicar a admisión ou inadmisión a trámite da solicitude en canto a reciban.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR de 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Extensión Universitaria
Susana Reboreda Morillo



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA E A SÚA CONTÍA

Documento	Contía máxima a percibir
****0613*	2.000€ + matrícula + curso de castelán
****0388*	2.000€ + matrícula
****4999*	2.000€ + matrícula
****9044*	2.000€ + matrícula
****6853*	2.000€ + matrícula

